

Faro *da* Cultura

Un pioneiro solitario

No centenario de Giner de los Ríos

JOAQUIM VENTURA

A diferenza dos países centroeuropeos (Francia, Alemaña, Imperio Austro-húngaro, Reino Unido, Bélxica), España non comezou a ter un sistema público de ensino digno de tal nome deica a 1857, cando o ministro Claudio Moyano promoveu a primeira Lei de Instrucción Pública. Ata ese ano, as congregacións relixiosas tiveran practicamente o monopolio da ensinanza, reducida ao ámbito de cidades e vilas e sen obxectivos homologados.

Con todo, a norma impulsada por Moyano padeceu as dificultades do “Sexenio revolucionario” (1868-1874). Estableceu a gratuidade do ensino primario, a centralización, a uniformidade, a secularización e mais a liberdade de cátedra, se ben que limitada. Á preterición da poboación feminina en idade escolar e á ausencia das linguas distintas do castelán, engadíronse as limitacións impostas polo réxime da Restauración, especialmente de tipo económico, sen esquecer a influencia da doutrina da Igrexa.

Algúns cate-
dráticos e pro-
fesores que fo-
ran expulsados da universi-
dade madrileña en aplicación da limitación de liberdade de cátedra, recuperaron o seu posto coa Revolución Gloriosa de 1868. Coa Restauración (1875), con Cánovas del Castillo na presidencia do goberno, o seu ministro Or-
vio presentou unha petición a Afonso XII para limitar a liberdade de cátedra e algúns deses docentes perderon de novo o seu posto de traballo, entre eles Francisco Giner de los Ríos, Nicolás Salmerón e Gumersindo de Azcárate.

Daquela (1876) estes promoveron por vía privada a Institución Libre de Enseñanza, unha proposta docente con aires modernizadores baseada nas ideas antidogmáticas de Karl C. Krause. Os obxectivos desta empresa eran a formación cien-


tífica e, moi especialmente, humanista dos alumnos. Respondía ao interese dunha parte da emerxente burguesía española, especialmente a madrileña (a catalá ía por outros vieiros), para a formación dunhas novas elites homologables aos avances europeos.

Pero o horizonte non remataba no período de formación regrada –incluída a universitaria ou parauniversitaria– e por iso promoveu a constitución de diversos organismos complementarios como, entre outros, o Instituto de Reformas Sociales, a Junta de Ampliación de Estudios e Investigaciones Científicas (desde 1907 e xa con cobertura oficial) ou a Residencia de Estudiantes (1910), derivada da anterior. Boa parte dos dirixentes e alumnos destas institucións constituíron o grupo que articulou a proclamación da II República uns anos despois.

E se ben as bolsas da Junta facilitaron a presenza en Europa de diversos estudantes universitarios e intelectuais españois en Europa –entre eles, Castelao e Risco– e hispanoamericanos en España, tamén é certo que exerceu un certo monopolio, probablemente ao seu pesar se temos en conta as limitacións das universidades daquel tempo. Tiveron que ser outros organismos autónomos –como o Institut d’Estudis Catalans ou o Seminario de Estudos Galegos– os que completasen o labor investigador fora do ámbito madrileño.

Obviamente, aquela vocación libre, laica e non dogmática non cadraba cos parámetros estreitos da dereita reaccionaria e clerical que deu apoio ao alzamento militar de 1936. En 1938 o goberno de Burgos decretou a disolución –sobre o papel– da JAE e dos organismos que dela dependían, fundando o Instituto de España. Rematada a guerra, todos os organismos de investigación quedaron disolvidos e unificados no Consejo Superior de Investigaciones Científicas.

Sería prolixo enumerar os alumnos máis coñecidos que pasaron pola ILE e polos organismos que a sucederon. Abonde con dicir que a semente de ciencia e liberdade de pensamento de Giner de los Ríos fixo posible a primeira xeración española moderna minimamente homologable coa Europa do seu tempo



Francisco Giner de los Ríos (1839-1915). Abaixo: alumnos nas aulas da ILE.



Fachada da casa da ILE (Madrid).

A proposta docente tiña base nas ideas antidogmáticas de Karl C. Krause

